

DAVID GOLDER



Esta obra recibiu unha axuda da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia na convocatoria de axudas para a tradución do ano 2018.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Irmás Cartoné, 2019

Título orixinal: *David Golder*

Tradución do orixinal: Celia Recarey Rendo

Ilustración de cuberta: Carlos Valdés

Deseño e maquetación: Irmás Cartoné

Impresión: Estugraf

ISBN: 978-84-948421-5-3

Dep. Legal: C 1711-2019



Este libro comercialízase baixo unha licenza Creative Commons que permite a copia e distribución da obra sempre e cando non se faga con fins comerciais e se recoñeza debidamente a autoría da mesma mediante a mención expresa do autor, a tradutora e a editora. Esta licenza autoriza tamén a produción de obra derivada, coa condición de que a obra resultante sexa distribuída baixo o mesmo tipo de licenza que a orixinal.

IRÈNE NÉMIROVSKY

David Golder

Traducción de Celia Recarey Rendo



I

—Non —dixo Golder.

Levantou bruscamente a pantalla da lámpada para que toda a luz desta recaese na cara de Simon Marcus, que estaba sentado en fronte del, do outro lado da mesa. Por un momento, contemplou os pregos, as enrugas que percorrían todo o alongado rostro moreno de Marcus conforme movía os labios ou as pálpebras, como sobre augas escuras, axitadas polo vento. Pero os ollos pesados, adurmiñados, de oriental, permanecían calmos, aburridos, indiferentes. Unha cara impenetrable como unha parede. Golder baixou con precaución o brazo de metal flexible que sostíña a lámpada.

—A cen, Golder? Contaches ben? É un bo prezo —dixo Marcus.

Golder murmurou de novo:

—Non.

E engadiu:

—Non quero vender.

Marcus riu. Os seus longos dentes brillantes, forrados de ouro, escintilaban dun xeito estraño na penumbra.

—En 1920, cando compraches as túas famosas accións petrolíferas, canto valían? —preguntoulle coa súa voz nasal, irónica, que arrastraba as palabras.

—Comprei a catrocentos. Se eses porcos dos soviéticos lles entregasen os terreos nacionalizados aos petroleiros, sería un bo negocio. Tiña o apoio de Lang e do seu grupo. Xa en 1913 a produción diaria de Teïsk era de dez mil toneladas... Sen esaxerar. Trala conferencia de Xénova as miñas accións caeron primeiro de catrocentos a cento dous, lembro... Despois... —Fixo un xesto vago coa man—. Pero conserveinas... Daquela tiñamos diñeiro.

—Si. Agora decátaste de que para ti uns terreos petrolíferos en Rusia, en 1926, son unha pouca merda? Eh! Non tes medios nin vontade para ilos explotar persoalmente, supoño... O único que se pode facer é gañar uns puntos provocando movementos na Bolsa... Cen é un bo prezo.

Golder fregou longamente as pálpebras inchadas, ardentes por mor do fume que enchía a estancia.

Repetiu, agora máis baixo:

—Non, non quero vender. Só venderei cando Tübingen Petroleum peche o acordo para a concesión de Teïsk que tes en mente.

Marcus pronunciou unha especie de: «Ah, si» sufocado e iso foi todo. Golder dixo amodo:

—O negocio que xestionas ás miñas costas desde o ano pasado, Marcus, ese mesmo... Ofrecéronche un bo prezo polas miñas accións, unha vez asinado o acordo?

Calou, pois o corazón batíalle case con dor, como con cada vitoria. Marcus esmagou lentamente o seu cigarro no cinceiro cheo.

«Se di que imos a medias», pensou de súpeto Golder, «está fodido».

Inclinou a cabeza para escoitar mellor a voz de Marcus.

Houbo un breve silencio, despois Marcus dixo:

—Imos a medias, Golder?

Golder apertou a mandíbula:

—O que? Non.

Marcus murmurou, baixando as cellas:

—Ah! Non che fai falla ter un inimigo máis, Golder. Xa tes abondos.

As súas mans agarraban a madeira da mesa e movíanse levemente, cun pequeno renxer das unllas, rápido e agudo. Iluminados pola luz da lámpada, os longos dedos fracos, brancos, cargados de pesados aneis, brillaban sobre a caoba do escritorio estilo imperio; tremían lixeiramente. Golder sorriu.

—Agora xa non es moi perigoso, meu amigo...

Marcus calou un momento, examinando con atención as súas unllas pintadas.

—David... vaíamos a medias!... Veña, ho!... Somos socios desde hai vinte e seis anos. Pasemos páxina, comece-mos de novo. Se estiveses aquí en decembro, cando Tübingen falou comigo...

Golder retorceu, nervioso, o cable do teléfono, enrolouno arredor dos pulsos.

—En decembro —repetiu retorcendo o xesto—, si... es bo... só que...

Calou. Marcus sabía tan ben coma el que en decembro estaba buscando capital en América para Golmar, o negocio que os unía desde había tantos anos como un grillón de presidiario. Pero non dixo nada. Marcus continuou:

—David, aínda hai tempo... É mellor así, creme... Trátemos xuntos cos soviéticos, queres? É un negocio complicado. Vaíamos a medias nas comisións, nos beneficios, en todo, eh?... É xusto, non cres?... David?... Veña, ho!... Se non, meu amigo...

Agardou un intre por unha resposta, un asentimento, un insulto, pero Golder respiraba con dificultade e ficaba mudo. Marcus suspirou:

—Dime, logo, a Tübingen non é a única petroleira do mundo...

Tocou o brazo inerte de Golder como se o quixese espertar:

—Hai outras empresas máis novas e de... dun carácter máis especulativo —dixo escollendo as palabras—, que non asinaron o acordo de 1922 sobre o petróleo e ás que

pouco lles importan os antigos titulares, e ti, en consecuencia... E esas compañías poderían...

—Amrum Oil? —dixo Golder.

Marcus rinchou os dentes:

—Vaites, tamén sabes iso? Escoita, meu, síntoo, pero os rusos van asinar con Amrum. Agora, como te negas a dar o paso, podes conservar as túas accións de Teïsk até o día do xuízo final, podes levar as túas accións de Teïsk á tumba...

—Os rusos non van asinar con Amrum.

—Xa asinaron —clamou Marcus.

Golder fixo un aceno coa man.

—Si. Xa o sei. Un acordo provisional. Tiña que ser ratificado por Moscova nun prazo de corenta e cinco días. Onte. Pero, como, unha vez máis, non se fixo nada, preocúpacheste e viñéchelo tentar comigo outra vez...

E rematou moi rápido, tusindo:

—Vouche explicar. Tübingen, non si? Amrum xa lle ripou varios campos de petróleo en Persia, hai dous anos. Así que desta volta creo que preferiría rebentar antes ca ceder. Até o de agora, ademais, non lle foi difícil; ofrecéronlle máis ao pequeno xudeu que trataba contigo en nome dos soviéticos. Telefónaos agora, xa verás...

De súpeto, Marcus exclamou cunha voz estraña, aguda, como a dunha vella histórica:

—Mentes, porco!

—Chama e verás.

—E... o vello... Tübingen... sábeo?

—Sabe. Naturalmente.

—Iso foi cousa túa, canalla, crápula!

—Foi. Que lle queres? Acórdate... O ano pasado, co asunto do petróleo de México, hai tres anos co do fuel óleo, cantos bos millóns pasaron do meu peto ao teu? E que dixen eu? Non dixen nada. E despois... —Pareceu buscar máis argumentos, recadalos mentalmente, despois rexeitounos cun movemento dos ombreiros—. Os negocios... —murmurou simplemente, como se nomease un deus temible.

Marcus calou de inmediato. Colleu un paquete de cigarrs da mesa, abriuno, prendeu o misto con coidado.

—Por que fumas estes Gauloises trapalleiros, rico como ti es, Golder? —Tremíanlle moito os dedos. Golder observábaos sen dicir nada, como se medise a vida que ficaba nos derradeiros estertores dun animal ferido.

—Precisaba diñeiro, David —dixo Marcus de súpeto, cunha voz diferente. Un xesto brusco torceulle unha comisura da boca—: Teño unha necesidade de diñeiro terrible, David... Non me queres... deixar gañar un pouco?... Non cres que...?

Golder azoutou salvaxemente o aire coa testa.

—Non.

David Golder


Viu como as súas mans pálidas se amarraban, se xuntaban, entrelazando os dedos crispados, afundindo as unllas na carne.

—Lévasme á ruína —dixo por fin Marcus cunha voz xorda e estraña.

Golder, cos ollos teimosamente abaixados, non respondeu nada. Marcus dubidou, despois ergueuse, empurrou a cadeira amodo.

—Adeus, David. Que? —exclamou de repente no silencio, cunha forza extraordinaria.

—Nada. Adeus —dixo Golder.



ESTE LIBRO ENTROU NO PRELO
O 13 DE SETEMBRO DE 2019

